

CONVOCATORIA	Proceso selectivo para cubrir o posto de un/unha axudante en programas de subvencións, encadrado no grupo C1-20, correspondente á convocatoria para nomeamento de funcionariado interino sen praza para a execución do programa de carácter temporal “Oficina técnica de asesoramento para o impulso da transición enerxética local 2026-2027” con destino ó servizo de Cooperación.
PRAZA/POSTO	1566 - Axudante en programas de subvencións
TIPO	SEGUNDO EXERCICIO – SUPOSTO PRÁCTICO
TEMPO MÁXIMO DE REALIZACIÓN	1 hora e 15 minutos
DATA	14/05/2026

ENUNCIADO:

A Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas competencias en materia de promoción cultural, aproba as bases reguladoras e a correspondente convocatoria de subvencións en réxime de concorrência competitiva destinadas a asociacións sen ánimo de lucro para a realización de actividades culturais durante o exercicio 2025.

A convocatoria publícase no Boletín Oficial da Provincia e establece que o procedemento se tramitará de acordo co disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común e na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Entre as condicións previstas nas bases determínase que o prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación, que as entidades solicitantes deberán estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que a contía da subvención non poderá superar o oitenta por cento do custo da actividade subvencionada.

Así mesmo, establécese que só serán subvencionables aqueles gastos que respondan á natureza da actividade e se realicen dentro do período establecido na convocatoria (a partir do día seguinte a súa publicación), e que a xustificación se realizará mediante a presentación de facturas que cumpran cos requisitos esixidos polo Real Decreto 1619/2012 Regulamento de facturación, fixándose como prazo límite para a súa presentación o 31 de xaneiro de 2026. Finalmente, indícase que o incumprimento das condicións poderá dar lugar ao reintegro das cantidades percibidas.

Neste contexto, a Asociación cultural “Arte Galego” presenta unha solicitude de subvención para a realización dun ciclo de actividades culturais. A solicitude ten entrada no rexistro electrónico o día décimo sexto do prazo establecido nas bases. Xunto coa mesma, a entidade achega memoria da actividade e orzamento por importe de dez mil euros, así como declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter subvencións, mais o certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias atópase caducado na data de presentación. Debido a un erro administrativo, a solicitude é admitida e continúa a súa tramitación, sendo finalmente valorada favorablemente.

O órgano competente dita resolución pola que se concede á Asociación “Arte Galego” unha subvención de oito mil euros, que é notificada correctamente e adquire firmeza ao non ser recorrida. Posteriormente procédese ao pagamento da subvención.

A entidade executa a actividade e presenta a xustificación dentro de prazo, incluíndo unha factura correcta por importe de tres mil euros, outra factura por importe de dous mil euros na que non consta a identificación completa do proveedor e unha terceira por importe de cinco mil euros correspondente a un gasto realizado con anterioridade á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Nun control posterior détectanse estas incidencias, así como a presentación extemporánea da solicitude.

Á vista do anterior, formúlanse as seguintes

CUESTIÓNS:

- 1) Analizar se a solicitude presentada pola entidade debía ser admitida a trámite e que actuacións debería ter realizado a Administración (2 puntos).
- 2) Examinar a validez do acto administrativo de concesión da subvención e a súa posible revisión (2 puntos).
- 3) Determinar que gastos poden considerarse subvencionables conforme á normativa aplicable (2 puntos).
- 4) Analizar se procede o reintegro da subvención e, no seu caso, calcular a contía a reintegrar (2 puntos).
- 5) Indicar o procedemento administrativo que debe tramitar a Administración e os recursos que podería interpoñer a entidade interesada fronte á resolución que se dite (2 puntos).